



A Fonsagrada

Domingo 27

Baile para maiores

Descrición: actividade de balde que promove o benestar xa que, ademais de manter ás persoas activas, fomenta a socialización.

Organizado por: Concello de A Fonsagrada.

Hora: de 17:00 horas a 18:30 horas.

Lugar: Comedor da Escola Fogar.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non é preciso.

A Pastoriza

Domingo 13

II Carreira e Andaina A Pastoriza

Descrición: carreira/andaina pola Pastoriza, concello que goza dun gran atractivo paisaxístico e natureza privilexiada. Contarán con fisioterapia.

Organizado por: Concellos de A Pastoriza e colaboradores.

Hora: a partir das 09:00 horas.

Lugar: saída da praza do Concello de A Pastoriza.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: [Carreira A Pontenova](#)

A Pobra de Brollón

Sábado 12

Campionato de xogos de populares

Descrición: actividade que forma parte da X Feira Guímara.

Organizado por: Concello de A Pobra do Brollón.

Hora: ás 17:00 horas.

Lugar: Concello de A Pobra de Brollón.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non é preciso.



Barreiros

Domingo 20

1/2 Vertical Monte Comado

Descrición: é unha carreira que transcorre polo Monte Comado, un percorrido curto pero intenso polo desnivel que ten.

Organizado por: Praias do Comado e Concello de Barreiros.

Hora: saída a partir das 11:00 horas.

Lugar: Concello de Barreiros, Lugo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: [Vertical Monte Camado](#)

Burela

Todos os venres

Paseos Saudables

Descrición: actividade que promove a socialización en grupo e a actividade física. Inclúe unha visita cultural para coñecer a contorna.

Organizado por: Mesa Intersectorial de Burela.

Hora: de 10:00 horas a 12:00 horas.

Lugar: saída dende o Centro de Saúde de Burela.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: sen necesidade de inscrición previa.

Todos os luns

Obradoiro de loga

Descrición: obradoiro de loga de balde.

Organizado por: Asociación Española Contra o Cancro de Lugo coa colaboración do Concello de Burela.

Hora: de 12:00 a 13:00 horas.

Lugar: sala multiusos da Casa da Cultura de Burela.

Poboación á que vai dirixida: pacientes e familiares da Asociación Española Contra o Cancro en Lugo.

Inscricións: no teléfono [658 872 196](tel:658872196) e no correo: lugo@contraelcancer.es



Guntín

Dende 15 ao 31

Torneo de fútbol praia urbana

Descrición: actividade que se organiza durante o verán para promover o deporte e o estilo de vida saudable entre a mocidade e toda a veciñanza.

Organizado por: Concello de Burela e Sociedade Deportiva Burela.

Hora: a partir das 19:30 horas.

Lugar: Praia da Marosa.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: presencialmente no propio día de inicio do evento.

Luns 7

É o mesmo alimentarse ca nutrirse?

Descrición: charla para proporcionar información sobre as bases dunha alimentación saudable.

Organizado por: Antía Pérez Vázquez e Paula Roca Saavedra, dietistas-nutricionistas de Atención Primaria da área sanitaria de Lugo.

Hora: 13:30 horas.

Lugar: local social de Guntín.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non é preciso.

Lugo

Dende o 01 ao 05

Campus de Verán de XuvenCiencia 2025

Descrición: actividades nos ámbitos científico-técnico e científico-social, así como no campo das artes e das humanidades segundo as preferencias de cada persoa participante.

Organizado por: XuvenCiencia (USC).

Hora: dende as 09:30 horas ata as 18:00 horas.

Lugar: Campus Universitario de Lugo.

Poboación á que vai dirixida: 3ª ESO, 4ºESO, BAC e Ciclos Medios de FP. Idade máxima, 17 anos.

Inscricións: [Campus de Verán XuvenCiencia](#)



Sábado 05

Xornada de campionato de baloncesto 3 x 3

Descrición: actividade de balde dentro do Programa +XTI Lugo onde se promoven actividades relacionadas coa nutrición, o deporte, ocio, arte, música, láser tag etc. destinadas á xuventude de Lugo.

Organizado por: Concello de Lugo.

Hora: de 16:30 horas a 21.30 horas.

Lugar: pistas exteriores do Pazo Provincial de Deportes.

Poboación á que vai dirixida: poboación lucense entre 12 e 30 anos.

Inscricións: inscrición por orde de chegada. Os monitores inscriben aos primeiros en chegar.

Sábado 12

Slackline e Spickeball

Descrición: actividade de balde dentro do Programa +XTI Lugo onde se promoven actividades relacionadas coa nutrición, o deporte, ocio, arte, música, láser tag etc. destinadas á xuventude de Lugo.

Organizado por: Concello de Lugo.

Hora: de 16:30 horas a 21.30 horas.

Lugar: Parque de Saamasas.

Poboación á que vai dirixida: poboación lucense entre 12 e 30 anos.

Inscricións: inscrición por orde de chegada. Os monitores inscriben aos primeiros en chegar.

Sábado 19

Ruta de interpretación ao carón do Miño e Rato

Descrición: actividade de balde dentro do Programa +XTI Lugo onde se promoven actividades relacionadas coa nutrición, o deporte, ocio, arte, música, láser tag etc. destinadas a xuventude de Lugo.

Organizado por: Concello de Lugo.

Hora: de 16:30 horas a 21:30 horas.

Lugar: Ponte Romana.

Poboación á que vai dirixida: poboación lucense entre 12 e 30 anos.

Inscricións: inscrición por orde de chegada. Os monitores inscriben aos primeiros en chegar.



Sábado 26

Festa Saudable dinamizada de fin de actividade

Descrición: actividade de balde dentro do Programa +XTI Lugo onde se promoven actividades relacionadas coa nutrición, o deporte, ocio, arte, música, láser tag etc. dentinadas á xuventude de Lugo.

Organizado por: Concello de Lugo.

Hora: de 16:30 horas a 21.30 horas.

Lugar: Centro Cultural Uxío Novoneira.

Poboación á que vai dirixida: poboación lucense entre 12 e 30 anos.

Inscricións: inscrición por orde de chegada. Os monitores inscriben aos primeiros en chegar.

Xoves 31

Mesa Crítica Lucense

Descrición: "coincidencia organizada" de ciclousuarios e ciclousuarias que realizan un paseo colectivo pola cidade.

Organizado por: Masa Crítica Lucense e Concello de Lugo.

Hora: ás 20:15 horas.

Lugar: Praza Maior, diante do Concello de Lugo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non é preciso.

O Corgo

Mércores 02

Mércores Saudable

Descrición: andainas pola vila para fomentar o exercicio. A duración será de 30 minutos e adaptada a tódalas idades.

Organizado por: Centro de Saúde de O Corgo.

Hora: saída ás 12:00 horas.

Lugar: saída dende o Centro de Saúde de O Corgo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral do Concello de O Corgo.

Inscricións: non é preciso.



Outeiro de Rei

Todos os xoves

Viaxe ás praias de Galicia Verán 2025

Descrición: viaxes de verán para coñecer as praias de Galicia e fomentar a cohesión grupal entre a veciñanza.

Organizado por: Concello de O Corgo.

Hora: saídas ás 08:00 horas.

Lugar: saídas da explanada da antiga Cámara Agraria do Corgo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: dende o luns seguinte a cada viaxe ata o día anterior a realizarse a viaxe (mércores), a partir das 10:00 horas ata as 13:00 horas chamando ao teléfono [634 182 948](tel:634182948).

Sábado 05

IV Andaina solidaria do Concello de Outeiro de Rei

Descrición: actividade que abre a XVII Edición da Artesanía en Outeiro de Rei. Percorrido circular de 6 km de dificultade baixa. Durante a andaina haberá un xogo de "busca do tesouro" para os nenos e nenas participantes.

Organizado por: Asociación "SOMOS, unidos por el cáncer" e Concello de Outeiro de Rei.

Hora: ás 10:30 horas.

Lugar: saída dende a praza do Concello.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: no teléfono [636 511 928](tel:636511928).

Sábado 05

Talleres infantís e interxeracionais

Descrición: actividade que forma parte da XVII Edición da Artesanía en Outeiro de Rei.

Organizado por: Concello de Outeiro de Rei.

Hora: ás 12:00 horas.

Lugar: Campo de Santa Isabel - Rúas do centro urbano.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non é preciso.



Sábado 05

Paseos en caiaç polo río Miño

Descrición: actividade que forma parte da XVII Edición da Artesanía en Outeiro de Rei.

Organizado por: Club de Piragüismo Cidade de Lugo e o Concello de Outeiro de Rei.

Hora: 16:30 horas a 19.30 horas

Lugar: Concello de Outeiro de Rei.

Poboación á que vai dirixida: poboación de máis de 7 anos e que sepa nadar.

Inscricións: non é preciso.